

# O TIO MARCOS D'A PORTELA

Publ. 182

Os mandamentos d'o Marcos  
fora d' airexa, son seis:  
facer á todos xusticia,  
non casarse con ninguen,  
falar o gallego enxebre,  
cumprir c' o que manda a ley,  
loitar pol-o noso adianto  
con antusiasmo e con fé,  
vestir calzós e monteira  
peromnia sécula anuen.



Teñen os pobos á gala  
n-o seu lenguaxe falar:  
fálase chino n-a China,  
portugués en Portugal,  
catalán en Cataluña,  
e n-a Alemanía, aleman,  
soilo os gallegos d' agora  
hastra vergonza lles dá  
falar a melosa e dolce  
fala que falan seus pais.

## PARRAFÉOS CO POBO GALLEGOS

Ano sesto

Ourense 20 d' Abril de 1884.

Parrafeo viñt' e tres

### XAN BRENCELLAO.

Alá pol-o ano de gracia de mil oitocentos trinta, cando a cibdá de Ourense non tiña seruos con sono nin faroles murriéntos, cando as señoritas non andabau enfariñadas n-o Posío e se paseaban pol-o Porto-Carreiro e Marina-Mansa y-outras corredoiras, cando dempois d' o toque de ánemas s' arrecollían as xentes xuiciosas, figuraba entr' os vecinos d'as Búrgas un zapateiro xa entrado en anos, que si comia mal bebia ben, levando ansí as verdes co-as maduras. Chamábbase Xan Brencellao. O seu nome era conocido en Ourense como a ruda. Tina sona de bô bebedor, e a taberna onde él acostumase á ir á miudo, xa se sabia, non tíña o dôno maus pra medir o viño.

Xan Brencellao era un home traballador; pasaba o dia n-o patio d' unha casa d'a praza d'o Correxidor, botando tombas e medias solas; mais desque anoitecía e dempois de recoller o seu tenderete, ningueu ll' a empataba, iba á pé feito camiño d' a taberna d' a Pia d' a Casca pra mollar a subela, e alí pa-

saba o tempo valeirando xerras hastra media noite, hora en que eiquí cayo, eiquí m' ergo, mais sin esquecerse d'a sua muller, íbase pra sua casa. 'O chegar petaba á porta, abrianlle, rubia as escaleiras á gatas falando en ese latiu de como *sonatus chimpitus*, e nunca se deitaba hastra que a sua muller lle contestase c'un latinorio.

O señor abade d'a parroquia moitas veces lle botou n-a cara o vicio d' o noso zapateiro, mais él, que morreria primeiro que deixar de mollar a subela, disculpábase dicindo:

—Vosté que lle quer, señor abade, o viño elle pra min a úneca mantenza, traballo e non sou vago, porque os vagos non dan viño, por mais que axudan á facelo: o dia que deixe de beber, morro, porque teño deprendido que pra beber viño viñen ó mundo; o meu apelido Brencellao estamo dicindo: non lle ten volta, eu fun concebido ou nacín ó pé d'unha cepa.

Unha noite que o noso zapateiro empinara a xerra mais que de costume, por moiito que aduanou non 'poido chegar á sua casa e quedouse dormido debaixo d' os soportales

d' a praza d' o Correxidor. Un códeo que volvia de ver a sua rapaza, tropezou n-él e por pouco non esnaquiza os fuciños. Os codeos d' entón non eron com' os d' agora, xurou facerlle unha chuscaada que deixase lembradía, e tal como fixo o xuramento, cumpliuno.

Enteirou a catro compañeiros d' o que passara, dixolles o que pensaba facer, e xa por que ben lles parecese ou por servilo, o conto foi que se puxeron os cinco todal-as noites á velar ó zapateiro Brencellao.

Non pasou moito tempo sin que o páxaro caise n-a gayola. Unha noite que se quedou durmindo ó sereo, collérano os codeos pol-a sua conta, vestirono en traxe de fraude, puxéronlle a cabeza a xeito de franciscano, e cargando con él ó lombo pol-o rua de Qreba-cús enriba, foron a deixar o covacha bêbedo n-a aporta d' o convento de San Francisco.

Pol-a mañá cedo, cando o mais madrugador d' os leges saía pra facer as suas angueiras, tropezou c' o corpo d' o finxido fraude e coidando qu' estaba morto foi á poñer o caso en conocemento d' o guardian. Este non se fixo de rogar, y-o que nunca fixera n-a sua vida, pois pesábanlle moito as carnes, baixou en dous brincos as escaleiras e foise ond' o fraude que tiñan por esmayado ou morto. Tomouelle o pulso, e latexaba, e pensou que se tratava d' algun accidente; mais pol-o alento, que recendia a viño como si estivese cheirando unha cuba, deu n-o *quid* e viu craro que o fraude estaba bêbedo. Comeu a partida que o outro bebera, e deu órdes pra que o deitasen n-unha cama d' a enfermería.

N-este medio tempo espertou o Brencellao, y-o guardian que s' alcontraba á beira d' o leito com' unha estautua, cravou n-él os ollos. O zapateiro escomenzou a miralo fito a fito, mirou demais canto tiña ó seu redor, atentouse a roupa, levou a mau á testa como si n-ela tivese unha lousa de promos, e quedouse atontecido, non ativando a darse conta d' o que lle pasaba.

O guardian atallando aquél noxoso silencio, escramou con voz grave como a d' o xuez cando pergunta á un reo:

—Doime o corazon ó velo, hirmao, n-ese estado: pol-a honra d'a crase a que pertenece deberá ser mais parco n-a bebida, e pol-o

mésma causa non poño o escándalo en conacemento d' o Visitador xeneral d'a Orde. Dígame a vosa paternidá. ¿A onde vai, d'onde ven, a que convento pertenece?

O zapateiro cada vez mais atontecido non lle respondeu.

—¿Inda non lle veu a fala? —repuxo o guardian mais severo.

Brencellao nin xiñera pestanexaba.

Xa que cometeu o pecado, xa que non sintiu escrúpulos de concencia dinautes d' aldraxar os habitos que leva postos, non tena tampouco vergenza pra confesalo. ¡En nome de Dios, en nome d'o noso P. San Francisco demández a resposta, —añadeu o guardian erguendo as maus ó ceo e falando con voz de trono.—

Como si fose un monifate de xogo e lle turrasen por unha corda, o finxido fraude sentouse n-o leito, restregou os ollos e remexendo a lingua con traballo, respondeu:

—Hirmao, alma en pena, trasno, espiritu d' o outro mundo ou quen queira que sexas, eu nono sé o que me pasa, nin por mais que fago e penso, podo lembrarme de quen fun e de quen son: perdoo e dispense; pol-a nai que o pareu faga o favor de mandar á calquera que vaya á praza d' o Correxidor e que pergunte pol-o zapateiro Xau Brencellao: si non-o atopa, si a muller lle di que non foi à casa dende nantronte, inda pode soceder qu' eu o sexa; mais si o zapateiro Brencellao está n-o portal d'a sua casa dándolle ó tirapé, batendo a sola ou maneando a subela, que me leve o demo, que non me coma unha centella si sei quen son!

## A ROMERIA.

### I.

¡Qué ledo asomou o dia  
en qu' as nenas se disponen  
pra lucir n-a romeria,  
rabeando de fantasia,  
y-o fondo d'a ucha poñen!

O sol cheo de contento,  
c' a sua cara de Páscoa,  
asoma n-este momento  
y-en medio d'o firmamento.

reloce como unha áscoa.

Mansiña a brisa e calada  
as follas case non move,  
e a pradeira está mollada  
a vau de pingas de xiada,  
como cando miudo chove.

Locen seu cōr as rosíñas  
dando un cheiro perfumado,  
e por riba d' as follinas  
as cativas avelliñas  
pousan seu corpo pintado.

Agachados entr' os pinos  
os paxáros se preparam  
pra dar ó vento seus hinos,  
e berran logo os indinos  
como si os pés ll' esfolaran.

¡Qué dia tan guapo! Velo  
si mellor pode escollerse  
para un pouco compoñerse  
e branca cófia e mantelo:  
xunto d'o dengue poñerse.

Vede por ali sinón  
que ledo brinca n-a eira,  
cheo de fumes, Anton,  
locindo c'o azul calzon  
repenicada monteira.

Reloce com' unha prata  
branca camisa lavada,  
que d'a fita, acaron, ata,  
y-en esto ninguen ll' a empata,  
con unha roxa lazada.

Léveme xuncras, si algun  
pode o pé poñerelle ó lado,  
en saber atruxar ben,  
cando n-o baile entre cen  
brinca como un condergado.

D' a aldea o mozo mais perro,  
pois pra bailar é de ferro,  
y-hoxe que está para elo  
con zapatos de becerro,  
hase de pagar por velo.

Votada sobre d'a orella  
de medio lado a monteira,  
co-a sua roxa guedella  
un carabel asemella  
d' os que medran n-a pradeira.

E co'a mau direita toca  
de buxo unha castaneta,  
mentras n-a esquerda suxeta  
leva unha tremenda moca,  
pr' algun que con-él se metá.

Qué é o rapás é arriscado;  
digao Farruquiño Pombo,  
que dend' antronte amocado

está, e medio escangallado,  
rañando as costas d' o lombo.

Cóxegas quixo á Rosina  
facerlle, e xa lle pesou,  
porque non vin á fe miña  
mau de paus como a qu' axiña  
xunto d' os cadrís levou.

Mais Rosa ali ven; por ela  
xa non pode n-o lugar  
paz ningunha haber; pra vela  
o mais temprado recela  
diante d'a casa pasar.

E boa moza: co-a roca  
n-a mau, resal' entre cento,  
fiando unha mazaroca  
e fai abrir toda a boca  
n-o punto d'o sacramento.

Lévavos hoxe un mantelo  
posto enriba d' o refaixo,  
que, ¡carau! dá groria velo,  
locindo de terciopelo  
case unha vara por baixo,

Deixando ver un peiño  
con branca media de liño,  
en un zapato gardado,  
queda un admirado  
de velo tan pequechiño.

Negra chaqueta de seda  
obre aquel corpo amoroso  
que un debre xuncho remeda,  
e asentado enriba queda  
o dengue corto e gracioso.

O negro pelo amañou  
baixo d'a cófea bordada,  
e n-as orellas colgou  
as cabazas que mercou  
n-a vila a seman pasada.

Todal-as mozas d' a aldea  
c'os seus cortexos ó lado,  
que rebrincan á pelea,  
guapas tamen, non se crea,  
van chegando de contado.

Pégase Anton à ruada  
e á pouco de vir o dia,  
pol-a pradeira empallada  
vai toda a aldea axuntada  
camino d'a romeria.

## II.

—Vamos, maneádevos,—louco  
Anton berra d' alegria,  
vindo que pr' a romeria  
a chegar xa falta pouco.

E ten razon á apurarse,  
que debaixo d' ús castanos

comenzan propeos e extraños  
a facer rodá e xuntarse.

E de fachenda estalando,  
direito com' un fungueiro,  
xa chega á aldea o gaiteiro  
y-alborada emprincipiando.

Mentras lle fan o compás,  
metendo bulla por sete,  
tamboril ou clarinete,  
que venen xuntos atrás.

E mais derradeiro ó lombo,  
por unha corda colgado,  
vai, por un rapás levado,  
o trono d' a festa, o bombo.

Sin que á xente ninguen rogue  
os pés move sin sentir,  
e comenza á rebulir  
como si tivera azogue.

Facendo larga cadea  
tras d' o finchado gaiteiro,  
que vai adiante o primeiro  
camiñando para aldea.

E logo, chegado á esta,  
preto d' unha eira se para  
e á dar gaita se prepara,  
ó mayordomo d' a festa.

E o señor Bras, o caseiro  
que ten mais bés n-o lugar  
que non quixo, en festexar  
o patron, ser derradeiro.

Védeo alí, xa se espareixa  
axina, cheo de prisa,  
e pra emprincipiar a misa  
marcha camiño d' a irte xa.

Levando detrás de si  
toda xente, qu' espallada  
está entre a sombra cansada  
de tanto agardar alí.

A pouco tempo escoitouse  
d' es foguetes o tronido,  
E tras d' eles, de seguido,  
a misa ó fin empezouse.

EDUARDO ALVAREZ PERTIERRA

(C ueluríse).

#### FFEMÉRIDES GALLEGAS.

ABRIL.

1.<sup>o</sup> de 1188. O relembrado escultor e arquitecto Mateu, ponlle o ramo ó portico d' a Gloria d' a catedral de Santiago.

- |             |   |
|-------------|---|
| 2 de 1803.  | Morre n-a Habana o apraudido cantante gallego Isidro Viñas.   |
| 3 de 1839.  | Foron fusilados ás once d' a mañá, diante d' a cárcel d' Ourense, os calristas don Bras Botas, Alonso Alvarez, Xan Manoel Gonzalez e Antonio Basalo, procesados e sentenciados por matar un centinela ó querer fuxir d' a cárcel. |
| 4 de 1846.  | Subrévase a goarnicion de Santiago mandada polo coronel don Miguel Solís.   |
| 5 de 1846.  | E lembrado ministro d' a Guerra o ilustre gallego Excmo señor don Laureano Sanz, fillo de Tuy.  |
| 6 de 1728.  | Publícase o tomo segundo d' o <i>Teatro Crítico</i> d' o P. Feixón.   |
| 7 de 1150.  | O emperador Fernando VII renova o voto de Santiago.   |
| 8 de 1690.  | Desembarca n-a Cruña a reina doña María Ana de Neuburg, muller de Cálros II.  |
| 9 de 1492.  | O papa Inocencio VIII erixe en colexiata a eirexa de Bayona.  |
| 10 de 1379. | O obispo de Mondonedo don Francisco d' as Casas dóna ó hospital d' aquela vila todos os seus bens de fortua.  |
| 11 de 1467. | O conde de Benavente coas suas mesnadas toma por asalto a praza d' Ourense, tendo o obispo que agarimarse n-a catedral co-a sua xente de guerra.  |
| 12 de 1752. | O ilustre escultor gallego Felipe de Castro é lembrado director d' a Academia de San Fernando.  |
| 13 de 1554. | Profesa en San Agustín de Salamanca o escrarecido P. Acebedo Neira, natural d' Ourense.   |
| 14 de 1467. | O conde de Lemos chega á Ourense pra libertar os veciños d' a opresión d' o de Benavente, á quem presigue hasta preto d' Allariz.   |
| 15 de 468.  | Morre Santo Toribio, fillo de Galicia.  |

#### N.-O TEATRO

Nantronte á noite saín d' a casa c' unha coroza nova de palla, porque chovia si Dios tiñ auga, e fun ó teatro pra ver o drama que leva o título d' <i>A Pasionaria</i> .	Unha peseta batín en prata e d' ela en troque deume unha entrada un que Aristanco seica lle chaman. D' ali a ben pouco xa m' alcontraba n o galiñeiro sin ser d' a casta,
---	--

(porque de galo  
non teño nada).  
A miña veira  
tamén sentadas  
c' os demás boiros  
en misturaiza,  
novas e vellas,  
feas e guapas,  
fracas e grosas,  
moréas e brancas,  
vin as mulleres  
de poucas faldras.  
¡Modas d' Ourense...  
boas xuntanzas!  
Tocou a mûseca  
unha tonata,  
mais non d' aquelas  
que toca a gaita,  
sinon d' as outras  
que lle tocaban  
o rei que dicen  
rabiou por papas.  
O pano ergueron  
y-empeza o drama.  
Cal si de diante  
de nós pasara,  
n-a accion, n-os traxes  
e n-as palabras,  
vin as escenas  
d' A Pasionaria.  
¡Qué condanados!  
¡Qué ben traballan,  
e que ben finxen,  
e qué ben falan!  
O Catalina,  
autor de fama,  
co-a boca aberta  
deixou a cantas  
xentes sabidas  
ali escoitaban;  
logo a Guixarro,  
autriz simpática,  
qu' é pr' o teatro  
que nm pintada,  
e feita a molde  
pr' eso d' os dramas,  
unha nai fixo  
con verdá tanta  
que o vela, vamos,  
caían as vagoas,  
y-un algo estrano,  
tristura vaga,  
bulia n-o fondo  
d' as nosas almas  
cuás que sentindo  
as suas desgracias.  
Seica co-as meigas,  
cicais co-as fadas  
fixo algun pauto  
ou ten confianza

pra que lle empresten  
cando decrama,  
à voz feitizos,  
luz ás miradas,  
accion ó corpo,  
fogo ás palabras.  
¡Ben a apraudiron  
dende as butacas,  
dende as prateas,  
palcos e gradas!  
E ¡bravo! ¡bravo!  
todos berraban,  
(d' o galineiro  
xa non se fala,  
qu' é alí andácio.  
proído ou práutica  
de pouco en pouco  
bater as palmas,  
anque non cadre  
nin veña á nada).  
Eu, si non fose  
porque a un de canas  
xa certas cousas  
ben non lle cadran,  
boto un atruxo  
con tales ganas  
que fora oubido  
hastra n-a praza.  
Fixo de filla  
d' a nai coitada  
unha xeitosa  
linda rapaza,  
que si ten quince,  
d' eles non pasa:  
seu apellido  
pol-os programas  
evos Tresgallo.  
¡Ay Santa Bárbara!  
¡Soilo tres galos  
vale a rapaza?  
N-eso de nomes  
ó rivés andan  
pol-o que vexo  
n-algúas casas.  
Eu en xusticia  
facendo á tasa,  
sin ser perito  
de moita fama,  
valor lle dera  
sin pola cara  
por cantos galos  
de todas castas,  
polos e pitas  
hay en España.  
Cando chegámos  
ó fin d' o drama,  
a mais d' a noite  
iba xa andada  
e díume o sono  
e funme a cama.

## O «TIO MARCOS D' A PORTELA»

Meu amiguño: Como chegase os meus ouvidos de que vosté andá a pesca d' o que pasa pol-a cibla e fora d' ela, pra tratar pol-os medios qu' acostuma d' escorrental-os vicios qu' hay n-a xente nova, tendo en conta, quizais, as lixeirezas d' os pais de familia pol-o pouco coidado que teñen c' os seus fillos, acurriuseme poñer n-o seu conocemento o que xa non se lle debía d' esquecer; pero conecendo as circunstancias que pesan de riba d' un vello arrangallado, non me pasma o que vosté deixe d' estar enteirado d' o que pol-as ruas d' Ourense socede a deshora d' a noite.

En todolos rincós onde chega a sua publicacion, óise dicir qu' O Tio Marcos é agudo que rabocha, (e non lle fan ningún milagre en decilo, qu' é certo e muy certo); e soilo me ademira o qu' apesar d' a sua agudeza non vente o qu' á beira d' a sua poubea está socedendo moitas noites con doux mozotes, quero decir, macho e femia; doux d' esos tipos que fan com' as *sirifragas*, qu' ei tenen a costume d' ir *rotalos* seus parrafacos, non d-ixan lo de facer, mais a miúdo candela a lúa ten marruço ou non alcanza as calles por onde mais se mete ó Norte a nosa pobracion. Non me parece mal o qu' os mozos rumben como poidan anqu' os seus pais e hirmaus adoezan c' a fame; tampouco lles digo nada porque vayan co-as nenas *far* bailes as carballeiras n-a cuaresmha, anqu' esto ten de todo algo; nin tampouco o que cada un ande por onde lle convén, porque tamén eu, como vosté sabe, fun d' os mais graxos que n-o noso tempo tivo a cibla d' as Burgas; pero o qu' esos galafates y-e-sas galdridas queiran pasar por presoas de valemento entr' a xente, facendo o qu' a nadie queira pasar por algo ll' está premetido, eso... Tío Marcos... ten que lle digan.

Calquesa me dirá: que teno eu que ver c' o modo de vivir d' outros? Mais á min non se me pon a cara rubea en decir qu' anque fun d' os mais graxos que Dios peillo botar n-esta terra, non por eso me fixen púbrico nin din as leuciós qu' esa xente de pouca monta trata d' impoñernos á forza; e c' o fin de que eso desapareza d'a veira d' a sua porta, doído de que ningun fosqueiro teña mentres de facel-a bulra d' un meu compañheiro d' monteira que soilo pode levar a cabo aproveitando a escuridá d' a noi'e, non recee en dar fungueirazos largos, adevertindoll-ésses mentecatos que cando sintan tocal-as campás d' a eiréxa onde enterran os mortos, ou sintan vil-o coche de Santiago teñan a ben suspendel-as suas faenas, non esquecendose d' aquel sermon onde lle decia o crego á mocedá:

Non me gustan os fladeiros,  
nin os fresquinos d'as ciras

nin bautizal-os miniños  
que son de mozas solteiras.

Descándolle moitos anos de vida, dispíde-  
se de vosté por hoxe este seu verdadeiro com-  
pañheiro de monteira e pau

BOAVENTURA X.....

### CASOS E COUSAS

Pol-o correo interior e firmado por un  
seminarista recibín unha carta que tra-  
guía estes versiños, que proban que non  
andaba eu tan descaminado ó pensar que  
estaba o demo esgarabellando c' o rabo n-o  
noso seminario:

Señor San Bras de Tronqueiros  
feito d' un tronco... tudense,  
nado ás orelas d' o Mino  
por diante d' os portugueses;  
tí que eres bendito santo,  
santo que vale por sete,  
(contando o moito que vales  
pol-o que bruas ás veces),  
tí qu' eres tan milagroso,  
que ó cabo fas o que queres  
n-o teu retrato o mesmo  
que n-a catredal d' Ourense;  
tí que unha gayola armache,  
pra que o *Hazi-Paz* barrese  
todal-as teas d' arañas  
que había po'-as paredes;  
manda por acó quen barra  
as calamidás e peste  
que anda pol-o seminario  
acontaminando á xente:  
os fámulos están feitos  
según as órdes que teñen,  
ús espías que non deixan  
d' andarnos seguindo sempre;  
outros cal cas de palleiros  
arregállannol-os dentes,  
y-eso que non ventan pan,  
pois xa de sabelo esquecen  
que o que nos poñen n-a mesa  
mais que o preciso non rende;  
fai que a racion de liturgia  
pol-a d' a carne se pese,  
pois é pouca e sempre ven  
naufraga nadando en prebe.  
Ay! tanta liturgia a pasto  
afellas que xa nos encho,  
e si non fas un milagre  
touparamos súbitamente;  
rozámosche que sacudas  
ó torto, ou ben qu' o endereites  
e que fagas outras cousas  
que podes facer e debes  
pra que os probes colegiales  
d' o Ensemínario d' Ourense  
v.van menos esprimidos

e de males se liberten,  
dinantes que déن en terra  
e pra o campo-santo os leven.

¡VIVA O TIO MARCOS D' A PORTELA! ¡VIVA!

Nunca fixen versos, nin pensei facelos,  
Mais oírasme hoxe si non é rebento:  
Que agarrei as musas presas pol-os pelos  
E teño o caletre tolo de contento.

Pois señor está visto. Nin qu' iste verso  
fora feito hoxe pra min, viñera mais ó ~~caso~~.  
N-a somana pasada tuven o honor de ser re-  
cibido pol-o Tio Márcos d' a Portela; e non  
solo me favoreceu con admitirme o meu pobre  
parrafeo, sinón que cando eu esperaba que  
me iba dar unha calenda que fuxise a que-  
ma, solo se contentou con facer que facia  
(dándome d' ollo) como que non podía por  
menos de decirme o que me dixo pra cubrir o  
expediente; e por eso cheo d' alegria non pu-  
den por menos de exclamar:—¡Viva O Tio  
MÁRCOS D' A PORTELA! ¡Viva!

E ainda mais. Anque non lle quixen decir  
o nome d' o meu lugar, como si fora bruxo,  
non me foi buscar á casa, sino que saiendo  
de viaxe n-o martes d' esta somana, cabalei-  
ro n-o meu rocinante, fiero com' o de don  
Quijote que me custaba traballo sujetalo co-  
as rendas, véuseme meter á faltriqueira d' a  
chaqueta pol-o lado de dentro, e n-o lado es-  
querdo, como dándome á entender que quería  
estar ó lado d' o meu curazon. ¿Que más  
ll' eu podía pedir ó Tio MARCOS? Solo sinto  
hacharme fora d' a miña casa, e que os ne-  
gocios non me deixen mais tempo pra lle fa-  
lar o que deseaba; e así solo lle vou contes-  
tar ós cargos que me fai; que todos os dis-  
gustos que podian darmee, quedan de sobra  
recompensados co-a primeira declaracion que  
fai decindo que «todal-as opiniós, e mais  
aqueles que tenden a poñer en craro a pure-  
za d' unha fala como a nosa, sempre foron pra  
min merecentes de respieto, e dou probas d'  
elo pubricando o seu parrafeo.»

A segunda declaracion, digolle, que de  
ningunha maneira me propuxen gromealo:  
nin tampouco son home sabido, pois solo con  
dous anos de gramática latina, tres de filoso-  
fia e dous de teología n-o Seminario d' Ou-  
rense, deixando demais, com' outros des-  
graciados, a carreira, non pudo merecer o  
título de sabido: e en canto a rexirme a cabe-  
za, todo pode ser que non me rixa como eu  
quería, pois sendo vello com' o Tio Marcos  
non é milagre que mire pra baixo.

Sigo contestando e digo, que perdone o  
TIO MARCOS que me oubiu de presa e non  
me entendeu. Eu non dixen que «pobo» nin  
«rua» non fosen en algun tempo palabras  
gallegas, sinón que agora non estaban en uso

n-a nosa terra, e que por eso non estando os nosos veciños acostumados á falalas nin oí las, pol-a misma razon—como vostede dí-d'a semellanza que ten a nosa fala co-a portuguesa, din, ó oubir tales palabras, que fala portugués e non gallego.

Pra me probar que «rua» é palabragallega ponme O TIO MARCOS o verso

«Rabo de sardiña crua....»

que recordara, e con il ven en confirmacion d'o que eu lle decia, que os poetas polian muy ben decir esas palabras pra concertar os versos; mais a palabra rua e ruada—ó menos n-a miña terra—solo se toma pol-o feito d' andar os mozos pol-as carreiras ou d'un lugar n-outro en busca d' as mozas n-os fiudeiros.

A palabra «ñorantes» aplicala ós padres, porque ensinen ós fillos a decir padre e madre, non me parece ben apropiada; nin lle debe parecer tan disonante esa palabra; pois os portugueses tamén a usan n-o tratamento d' os sacerdotes.

Vexo tamén que o Tio Márcores se escandalizou moito porque puxou a Diputacion como xuez pra xuzgar a nosa fala.

Si me fixei n-a Diputacion foi como entonces lle decia porque sendo como son os diputados gallegos, deben tomar interés pol-o ben d'a sua patria en todal-as cousas, e así como o que escribe un libro religioso ll' o manda ó señor Obispo pra que si o merece lle dia licencia pra o imprimir, e o señor obispo anque ll' a podia dar de por si sempre ll' o manda reconecer á homes entendidos e lles pide o seu parecer, é facerelles pouco favor ós señores diputados, ó non esperar d' iles qu' observasen o mismo proceder, nombrando unha comision que fixese de academia pra xuzgar, xa que non a hay (ó menos eu non sei d' ela) e por eso busquei aquel camiño.

E si a Academia aparece, eu deseaba que non adoecea d'o que adoece a Academia Española tolerando en Espana os nomes que non necesitamos, como dixen pol-os nos: pois permite escribir n-a nosa patria «restaurans», «meting», «clarens», etc., etc., e o demo que nunca os leve, podendo escribir como Dios manda e vósté sabe.

A alborada ainda non ma traxeron, nin tuben razon si lla deixa escribir ou non.

Parece que voste fai pouco aprecio d' ela; seica nunca oubiu. Pois mire por de pronto pódelle preguntar, si o cbnoce, ó diputado don Xacinto Soutelo, que ten á casa a um tiro de bala d'o Folon que foi onde naceu o cego e media legua donde casou, e de seguro que, como veciño d' il habitalla de oubir moitas veces e quizais se acordará algo d' elas.

Ultimamente acabo de decirle que tamen o Tio MARCOS se engañou escribindo qu' eu teño o que falei por gallego enxebre; demais de confessarla que non sabia cal era e perguntaralle á vósté si o sabia que me dixese

en que o había de conocer, dime qu' misturei palabras castellanas, tamen o fai O TIO MARCOS cando lle conven; por eso empcei o parrafeo co-as palabras con que il empezonou o outro dia. «Pois señor, está visto» quitándolle o poís que qu' era? En pidolle que fale craro e non zarabato. Ansi como n-a última páxina escribe claro «anuncios», «artículos», «poesías», «efemérides», «cantares», así eu quería si fixese c' o demaia escrito; por despedida sóllo lle quería facer unha reflexion: ¿En Castilla fálase ben o castellano? «fálanlo ben os mismos que apren len algo? Os mismos que algo saben, «tropezan ó falalo, pero escríbeno con falan? Non sería mala risa si os periódicos c' os impresores de libros escribiran como moitos falan: ese mismo quería eu que si fixese co-a nosa fala. «Pra que ha d' escribir prílico o ser parrafeo sabendo que como nome propio podemos pronunciar periódico, co no o más repinical» é non falar zarabato decir «pobres» e non «probs», e así outras palabras, que po' mais que prezán españolas non desdicen n-o gallego, ó menos á ninguen lle parecerán mal: nunha palabra, eu deseaba que se falase e se escribise de maneira que ninguen se risa nin fixese bulra de nos nin d'a nosa fala: si o meu desejo non é bo, entón perdone, Tio MARCOS, quedé todo como si non dixe a nadie; ou como di o refran d'a nosa terra «vótelle terra».

Adios, hasta outro dia. Perdone e mire o seu amigo

ROQUE GRILLO BERZAS.

### CORREO D' O «TIO MARCOS»

Sr. D. E. M., Acebedo.—Recibin as tres pesetas pol-a sua suscripción hasta fin de Setembro.

D. G. V., Chantada.—Entregaron a seu nome seis reás pol-a suscripción hasta fin de Xunio.

D. X. M. P., Sarria.—Recibin seis reás en sellos pol-a sua suscripción hasta os derradeiros d' o mes que corre.

D. M. S., Lugo.—Mándanselle os parrafeos atrasados que xa deberá recibir si non ll' os afanases n-o correo. Debe duas pesetas pol-a suscripción hasta fin d' Abril.

D. V. V., Toén-Olivar.—Queda suscrito hasta fin de Xunio.

D. M. A., Santiago.—O mesmo.

D. G. R., Celanova.—O mesmo.

D. C. P., Barcelona.—O mesmo.

D. X. L., Chantala-Taboada.—O mesmo.

D. R. A. E., Celanova.—Pagaron a seu nome seis reás por suscripción hasta fin de Xunio.

D. G. M. V., Celanova.—Recibin catorce reás pol-a suscripción hasta fin de Octubre.

Imp. d' O ECO D' OURENSE.

# ANUNCIOS

## O TIO MARCOS D· A PORTELA, PARRAFEOOS GALLEGO.

Sai á luz en Ourense todolos domingos en oito páxinas en fólio, contendo artículos de costumes, poesías, efemérides, cantares e contos d'o país gallego.

### SUSCRICIÓN

Seis reás cada tres meses.

### ADMINISTRACIÓN

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscricions é por adiantado.  
Os números soltos vendense á dez céntimos de peseta.  
Os pagos faranse en sellos ou letras d' o xiro.

## XASTRERIA

Quen á moda verdadeira  
queira vestir hoxe en dia,  
n-a escelente xastrería  
qu' hay n-a rua de Pereira  
fale c-o Xosé María.

Cantas prendas de vestir  
os fillos d' Ourense tran  
pra rumber ese lucir,  
ali todíñas se fan  
que xa non hay mais pr' ond' ir.

## GALZADO

O zapateiro Garcia  
ten n-a sua zapateria,  
com' é natural, zapatos  
que non s' atopan n-o dia  
tan feitiños e baratos.

Aproveitande a ocasión  
os que tendo ou sin ter rendas  
calzades n-a pobración:  
está n-a rua d' as Tendas,  
praza d' a Constitución.

**P**ra comedas e bō viño  
buscande n-a vila nosa  
a casa d' a Xenerosa  
n-a rua d' o Pelourino.

N-ela limpo e con fartura  
tanto se bebe e se come  
por pouco, que non hay home  
que non laude a baratura.